

ANEXO I

Apelidos e nome: Cabarcos Traseira, Manuel José.
Nº rexistro persoal: 3278221324 A205H.

Corpo ou escala: Xestión da Xunta de Galicia, Escala de Xestión de sistemas de informática.

Grupo: B.

Posto de traballo: Xefe Área de Desenvolvemento e Estatísticas Educativas.

Código: ED.C02.00.004.15770.010.

Nivel: 28.

Centro directivo: Secretaría Xeral.

Localidade: Santiago de Compostela.

Apelidos e nome: Lorenzo Lafuente, Ramón.

Nº rexistro persoal: 3544890968 A0597.

Corpo ou escala: mestre.

Grupo: B.

Posto de traballo: Xefe Subárea de Dotación de Centros.

Código: ED.C02.00.004.15770.066.

Nivel: 26.

Centro directivo: Secretaría Xeral.

Localidade: Santiago de Compostela.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 18 de setembro de 2006, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo, pola que se anuncia convocatoria para vinculación temporal de quince (15) facultativos especialistas de área.

O director-xerente do Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo, en virtude do establecido na Orde do 8 de maio de 2006, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, resolve proceder ao anuncio da convocatoria para vinculación temporal do seguinte persoal:

- 1 facultativo especialista de alergoloxía.
- 3 facultativos especialistas de anestesioloxía e reanimación.
- 2 facultativos especialistas de cirurxía ortopédica e traumatoloxía.
- 1 facultativo especialista de cirurxía plástica, estética e reparadora.
- 3 facultativos especialistas de medicina intensiva.
- 1 facultativo especialista de neurocirurxía.
- 1 facultativo especialista de obstetricia e xinecoloxía.
- 1 facultativo especialista de pediatría e as súas áreas específicas.
- 1 facultativo especialista de psiquiatría.
- 1 facultativo especialista de xeriatria.

A mencionada convocatoria estará exposta nos taboleiros de anuncios do centro hospitalario.

O prazo de presentación de solicitudes será de quince días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. As solicitudes, que deberán dirixirse ao director-xerente do Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo, poderán ser presentadas no seu rexistro de entrada ou a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A solicitude deberá ir acompañada do *curriculum vitae* xunto coa xustificación documental dos requisitos exixidos pola convocatoria e dos méritos alegados.

Lugo, 18 de setembro de 2006.

Miguel Ángel Fernández López

Director-xerente do Complexo Hospitalario
Xeral-Calde de Lugo

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 3 de outubro de 2006 pola que se aproba a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ás probas selectivas para a provisión de tres prazas de técnico especialista de transporte e distribución.

Por resolución reitoral do 2 de marzo de 2006 (BOE do 29 de marzo) convocáronse probas selectivas para a provisión de tres prazas de técnico especialista de transporte e distribución, vacantes no cadro de persoal laboral desta universidade.

Por resolución reitoral do 2 de maio de 2006 (DOG do 31 de maio) aprobouse a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos nas mencionadas probas selectivas, fixéndose un prazo para a corrección e emenda dos motivos de exclusión ou omisión. Rematado o dito prazo e consonte o establecido na base 4ª da convocatoria,

Esta reitoría

RESOLVEU:

Primeiro.-Declarar aprobada e facer pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ás citadas probas, con expresión da causa de exclusión. A lista completa de aspirantes figurará exposta no taboleiro de anuncios da Reitoría (Campus Universitario, Vigo) e nos rexistros auxiliares dos campus de Ourense (Unidade Administrativa), de Pontevedra (Facultade de Ciencias Sociais) e de Vigo (E.U.enxeñaría Técnica Industrial, r/ Torrecedeira, nº 86).

Segundo.-Convocar os aspirantes admitidos pola quenda de acceso xeral libre para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición o día 14 de novembro de 2006, ás 10.00 horas na aula nº 6 da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas.